


Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes



**IES PINO MANSO (O Porriño)
CFR Vigo**

Documento 1
Xeralidades

06-22 de maio de 2020



SUMARIO

INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN

OBXECTIVOS

PROGRAMA

TEMPORALIZACIÓN




1. MOODLE. INTRODUCCIÓN

MOODLE é unha potente aplicación web que permite a xestión de cursos, sendo ademais gratuito e de libre distribución. O seu acceso prodúcese dende a internet a través dun navegador web.

É unha ferramenta útil para calquera organización, e especialmente na súa aplicación no ámbito do ensino tanto presencial como ONLINE dadas a súas posibilidades de contidos. O feito da existencia de espazos de comunicación social apórtalle tamén un interesante valor comunicativo onde a interacción alumnado-profesorado cobra un interesante protagonismo.

En canto ao seu uso, é importante resaltar que admite diferentes niveles de complexidade, podéndose empregar desde moi cedo con poucos coñecementos á vez que de xeito sinxelo permite ir afondando no seu potencial na medida das necesidades. Un dos obxectivos deste curso, é precisamente, iniciarse no manexo da plataforma.

É de agradecer o interese mostrado polas compañeiras e compañeiros docentes que nun momento tan delicado, saquen un anaco do seu tempo para investilo neste curso introdutorio de manexo da Aula virtual do Pino Manso e outras ferramentas tecnológicas, que sen dúbida, redundará en beneficio da nosa comunidade.



2. XUSTIFICACIÓN

No IES Pino Manso, véñese dando impulso ao espazo dixital dende hai unha década, iniciándose no curso 2009-2010 o percorrido do tránsito tradicional do ensino clásico ao dixital coa incorporación á rede Abalar, potenciándose co Proxecto E-Dixgal no curso 2015-2016 e reforzando a conectividade ata os 500 Mb a través de wifi e fibra óptica no curso 2017-2018, tendo así garantido esta tecnoloxía en todas as aulas e espazos deste centro educativo.

Nestes anos estase inmerso nun importante cambio metodolóxico, onde ten cabida á dinámica de traballos por proxectos, a aprendizaxe cooperativa e fomento do uso das TIC tanto nas aulas como no resto de espazos do centro, tales como biblioteca escolar, sala do profesorado, salón de actos e departamentos didácticos entre outros.

Dende o profesorado xurdiu fai uns anos unha tendencia de renovación pedagóxica, plasmada na realización de cursos de formación tanto presenciais coma a distancia, ademais da demanda e participación en programas de Formación en Centros.



3. OBXECTIVOS

- Favorecer o emprego de metodoloxías comunicativas innovadoras.
- Normalizar o emprego de ferramentas virtuais a través da plataforma Moodle como complemento ao proceso ensino-aprendizaxe en soportes tradicionais.
- Posibilitar ao alumnado o acceso á información e a comunicación co profesorado a través do entorno dixital.
- Impulsar a creación de contidos dixitais por parte do profesorado.
- Fomentar a cultura dixital no centro como ferramenta habitual de traballo.



4. PROGRAMA DO CURSO

- **Manexo básico da aula virtual**

 - Matriculación de usuarios

 - Creación de cursos

 - Engadir recursos

 - Engadir actividades

 - Retro-alimentación en tarefas

- **Video conferencias:** uso básico

 - Activación e acceso á plataforma

 - Configuración de videoconferencias

 - Área de traballo e barra de ferramentas

 - Planificación dunha reunión e invitación de asistentes

- **Outros:** abalar móbil



5. TEMPORALIZACIÓN DO CURSO

- **Manexo básico da aula virtual**
1ª Parte. Ocupará as 3/4 partes do curso aproximadamente
- **Vídeo conferencias:** uso básico. **Outros:** abalar móbil
2ª Parte. Ocupará 1/4 do curso aproximadamente (últimos días do curso)

Entrega de actividades: as actividades que se podan propoñer ou desenvolver terán un calendario flexible para a súa entrega, sendo o último día o 22 de maio.